

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32003643	CPI Virxe dos Remedios	Castro Caldelas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As Revolucións Burguesas e a súa expansión. Os movementos Nacionalistas. Bases ideolóxicas da sociedade de clases.	<p>A primeira unidade do curso enlaza coa historia vista en 3º curso da ESO xa que afonda nas consecuencias das Revolucións Burguesas e a súa expansión, primeiro por Europa e logo polo Mundo. Nela describiremos o longo proceso da conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea, e as resistencias presentadas á Modernidade.</p> <p>A Restauración emerge como contrapunto que, en vez de frear, acelera o proceso de expansión das ideas liberais e nacionalistas (poñendo en clave os principais procesos unificadores e independencias), auténticos motores do s. XIX, xunto coas ideas marxistas e anarquistas.</p> <p>Todo isto configura a sociedade de clases decimonónica, que substitúe a sociedade estamental, cunhas bases ideolóxicas da sociedade de clases que analizaremos na propia unidade.</p>	5	9	X		
2	A construción do Estado	Na segunda unidade abordamos a	5	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Liberal en España no s. XIX. Evolución cultural, Rexionalismo e Nacionalismo.	<p>expansión do liberalismo e a conformación do Estado Liberal en España, usando as principais fontes que visualizan este proceso.</p> <p>Partindo da Restauración Borbónica mostraremos o lento e complexo proceso de transformación política e social e España e Galicia, en especial no retardo na consecución dos dereitos sociais e laborais. Á vez valoraremos a evolución cultural da España do s. XIX en tanto en canto a formación dunha identidade multicultural compartida, partindo do Rexionalismo ata chegar a conformación e a importancia do Nacionalismo na España periférica, en especial no caso galego.</p> <p>E por último, valoraremos de xeito crítico, o papel das mulleres na España do s. XIX e o disno tocante a consecución dos seus dereitos e o papel que xogaron as pioneiras dos movementos sufraxistas, democráticos e políticos, facendo referencia ás súas principais protagonistas e ao cambio no seu papel social.</p>	5	9	X		
3	A época do Imperialismo e o novo Colonialismo. As transformacións científicas e tecnolóxicas finiseculares.	<p>Na terceira unidade partiremos da análise das relacións internacionais no s. XIX que desembocan na Era do Imperialismo, carreira convulsa e frenética por apoderarse do mundo extraeuropeo. Así mesmo valoraremos as causas, desenvolvemento e consecuencias do Colonialismo e os principais conflitos que advirten a futura Gran Guerra.</p> <p>Por último, e relacionado con este proceso, indicaremos as claves da revolución científico-técnica finisecular que provoca o gran desenvolvemento industrial, a captura de materias primas, a conquista de novos mercados e ao dominio do Mundo.</p>	10	9	X		
4	A Arte do século XIX: Realismo, Impresionismo e Postimpresionismo. Movementos artísticos do s. XIX en España e Galicia.	<p>A unidade cuarta pecha o 1º trimestre e supón o colofón cultural e visual que permiten identificar cunha simple ollada os cambios impostos pola sociedade burguesa e o Capitalismo.</p> <p>Partindo do Realismo como bisagra entre a primeira e a segunda metade do s. XIX, clarificaremos o nacemento das novas expresións artísticas revolucionarias: o Impresionismo e o PostImpresionismo.</p>	5	9	X		
5	A Primeira Guerra Mundial e as súas consecuencias. A Revolución Rusa.	<p>A quinta unidade é a primeira do 2º Trimestre, e aborda os conflitos e violencias provocadas a fines do s. XIX e inicios do XX que levan cara a Iª Guerra Mundial, acontecida trala paz armada.</p> <p>Describiremos os principais</p>	10	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A Primeira Guerra Mundial e as súas consecuencias. A Revolución Rusa.	acontecementos da guerra e as súas repercusións, facendo fincapé no estudo crítico e comparativo con outros conflitos precedentes. Por último, integramos dentro da unidade a Revolución Rusa, ao ser esta producida en parte como consecuencia da Gran Guerra e que vai marcar as relacións internacionais cara a IIª Guerra Mundial.	10	9		X	
6	Dos "Felices anos 20" á Gran Depresión. O auge do Fascismo e a Segunda Guerra Mundial.	A sexta unidade fai análise da situación económica mundial na segunda e terceira década do s. XX. A súa vez, abórdanse as relacións internacionais como consecuencia da Iª Guerra Mundial e a aparición dos Totalitarismos (Fascismo e Nazismo). A economía de entreguerras permítenos explicar os factores económicos como detonante político e social da sociedade, facendo especial diagnose do crack do 29. A súa vez indicaremos a conquista dos dereitos individuais e colectivos nestas décadas, sobre todo no caso das mulleres, facendo referencia ás súas principais protagonistas. Por último, valoraremos os conflitos e violencias no período de entreguerras que serán a orixe da nova Guerra Mundial. Descróbiremos as principais fases e etapas, e sobre todo as consecuencias directas da IIª Guerra Mundial. Todo elo, aportando un estudo crítico e comparativo con conflito anteriores e posteriores. Fito aparte, valoraremos criticamente o Holocausto xudeo e as súas consecuencias na historia mundial.	10	9		X	
7	España ante o abismo: da Crise do 98 á Guerra Civil (1898 - 1939).	Na séptima unidade pretendemos explicar a situación de España dende a Crise da Restauración e a Guerra do 98 ata a IIª República e a Guerra Civil. En dito período valoraremos a orixe, evolución e adaptación do sistema liberal e democrático en España a través das fontes, en especial no exemplo da IIª República española. Tamén resumiremos o proceso de conquista dos dereitos individuais e colectivos na primeira metade do s. XX. E por último, valoraremos o papel das mulleres na España do 1º terzo do s. XX no tocante a consecución dos seus dereitos e o papel que xogaron as pioneiras dos movementos sufraxistas, democráticos e políticos, facendo referencia ás súas	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	España ante o abismo: da Crise do 98 á Guerra Civil (1898 - 1939).	principais protagonistas e ao cambio no seu papel social.	10	8		X	
8	O Mundo trala Segunda Guerra Mundial (1945-1991): a Guerra Fría, a Unión Europea e a Descolonización. Consumismo e Terceira Revolución Industrial.	<p>Na oitava unidade, última do 2º Trimestre, falamos do proceso de reconstrucción trala IIª Guerra Mundial e a conformación dunha nova organización política internacional: Guerra Fría, Descolonización e o nacemento do 3º Mundo. Necesariamente explicaremos os principios conflitos e fundamentos xeoestratéxicos relacionados coa nova orde mundial.</p> <p>Tamén valoraremos o papel dos organismos internacionais na busca da Paz. Entremedias destes proceso xurde o precedente da Unión Europea como alternativa histórica á política tradicional no Vello Continente, cuxos obxectivos serán o asentamento da democracia, o desenvolvemento económico e a paz social e continental. Coñeceremos as súas institucións e funcións, así coma os máis importantes fitos no asentamento do Estado do Benestar en Europa.</p> <p>Por último, reflexionaremos sobre a 3ª Revolución Industrial e as consecuencias dela no asentamento do Estado do Benestar, o Consumo de Masas e os Novos Movementos Sociais (feminismo, ecoloxismo e pacifismo).</p>	10	9		X	
9	España durante o Franquismo (1939-1975). A represión e a memoria democrática.	<p>Na novena unidade, primeira do 3º Trimestre, abordaremos a Ditadura Franquista ao describir as súas principais etapas e características.</p> <p>Valoraremos criticamente a represión e as experiencias traumáticas provocadas pola Guerra Civil e polos corenta anos de Ditadura, distinguindo o diferente papel da historia e a memoria democrática, e o importante papel desta na reconstrucción social e política da España actual.</p>	10	8			X
10	O Mundo Actual (1991-2020). Novos movementos sociais e emerxencias na segunda década do s. XXI. A Era de Internet e a Globalización.	<p>Na décima unidade, partindo dos movementos xeoestratéxicos trala fin da Guerra Fría ata hoxe, valoraremos os posicionamentos e accións das principais potencias para contribuir á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sostible.</p> <p>Destacaremos as principais transformacións científicas e tecnolóxicas do s. XXI (dende unha perspectiva ética) e a complexidade da Globalización e de Internet e dos medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais.</p> <p>Tamén se abordarán os cambios culturais e</p>	10	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	O Mundo Actual (1991-2020). Novos movementos sociais e emerxencias na segunda década do s. XXI. A Era de Internet e a Globalización.	novos movementos sociais de 4ª xeración nun mundo global: feminismo e dereitos da comunidade LGTBI+ (facendo fincapé na loita polos seus dereitos e a igualdade de xénero, citando exemplos relevantes), o novo ecoloxismo, pacifismo e o compromiso cívico e a participación cidadá (asociacionismo e voluntariado). En fin, reflexionaremos sobre a igualdade real de homes e mulleres, a eliminación da discriminación por identidade ou xénero e a consecución dos dereitos civís polas minorías.	10	9			X
11	Da Transición á España de hoxe (1975-2020). Cambio político e social cara o Estado do Benestar. Desafíos da España do s. XXI.	A penúltima unidade está dedicada á Transición política e a configuración do estado democrático en España trala fin da Ditadura e a Constitución de 1978 e a descrición do estado do benestar en España. Tamén abordaremos o Estado das Autonomías e en concreto o estatuto de autonomía de Galicia. Reflexionaremos sobre os efectos da memoria democrática - dende un punto histórico, pero tamén presente e emocional-, a cohesión social e a integración, así como as medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. Por último, tamén xulgaremos criticamente o papel de España na UE e os valores do europeísmo a través de fórmulas como a participación en programas educativos europeos.	10	8			X
12	A Arte do s. XX ao s. XXI: Vanguarda e PostVanguardia e novas formas de expresión artística actuais. Movementos artísticos do s. XX e XXI en España e Galicia.	A duodécima e derradeira unidade, estará dedicada aos principais movementos e expresións artísticas e culturais do s. XX e XXI: Primeiras e Segundas Vanguardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. Faremos especial fincapé na arte actual en España e Galicia, destacando aos principais artistas e o noso patrimonio como ben e como recurso. Valoraremos a posta en valor, difusión e gestión da riqueza patrimonial e a súa importancia na nosa realidade, á vez que fomentaremos o respecto e a conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia. Por último, analizaremos a diversidade cultural no mundo actual.	5	9			X

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá en

preguntas xerais realizadas pola docente ao grupo e en choivas de ideas.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara ao tema que se vai traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar confusións e incorreccións sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non se valorarán numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	5	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	80	80	80	80	75	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	25	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	100
Proba escrita	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe do 80%.

En canto as táboas de indicadores (traballos, caderno, dossiers, posters, exposicións orais...) pondéranse sobre o 20% en cada unidade.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; posters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa.

En conclusión, podemos considerar unha media global das probas escritas entorno a un 80% e os traballos sobre un 20%.

Considérase aprobado cando, elaborados os cálculos segundo a ponderación, a cualificación resultante é igual ou

superior a 5. De ser inferior, levarase a cabo un plan de recuperación.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. x 80)+ (Media rúbricas T.I.x20)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo unicamente a notas iguais ou superiores a 5. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se a docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

A cualificación final de curso calcularase facendo a media das avaliacións trimestrais tendo en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle deu ás unidades de cada avaliación.

1º avaliación: suporá o 25 por cento da nota final

2º avaliación: suporá o 40 por cento da nota final

3º avaliación: suporá o 35 por cento da nota final

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= [(Nota 1ª aval. x 25) + (Nota 2ª aval. x 40) + (Nota 3ª aval. x 35)] / 100.

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

O alumnado que non resulte aprobado terá que ir á fase da recuperación extraordinaria e o docente reforzará aqueles aspectos que precise mellorar.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración de fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos. A docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos.

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica, esta deberá ser entregada no prazo indicado.

Para calcular a nota da recuperación considerarase o 80% das probas escritas e o 20% dos traballos.

A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación.

Todo o traballo será titorizado pola docente e esta estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando a docente o considere pertinente e consistirá na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as actividades do plan de recuperación. A materia considerarase aprobada cando se obteña unha nota igual ou superior a 5. A nota final redondearase a partir do 4,75.